

Comentarios no blog do ies Sánchez Cantón no curso 2007-2008

1. O libro *As rulas de Bakunin* gustoume moito. Gústame moito a historia, polo que ler este libro histórico con ese argumento, que te engancha dende o primeiro momento, agradoume moito. De aspectos negativos non destaco ningún, xa que debo dicir que me gustou todo o libro. O único, destacar a forma na que está escrito, salteando os capítulos, o que fai que crezan as ganas de saber o que pasa no seguinte capítulo, a impaciencia por saber o que lle ocorre a Camilo ou a calquera outro personaxe. Entón, agora só teño bos aspectos para destacar: o argumento, que engancha dende o primeiro momento; o capítulo da "tortura" co libro no cárcere de San Amaro; os derradeiros capítulos da vida de Camilo, nos que se dedica a ler pasaxes do libro do cárcere con Andrés; os capítulos cando Camilo ten os seus primeiros contactos co anarquismo etc. En resumo, o libro fascinoume xa que me achega á visión dun anarquista sobre a guerra civil, a visión popular deste feito que provocou mortes, exilios e unha infinidade máis de terribles cousas. (Cora)

2. Este foi o libro que máis me gustou de todos os que levo lidos. Non me gustou moito a temática, pero moito a forma que ten de contalo. A temática non me gustou moito porque me parece moi triste que te metan na cadea ou ter que emigrar só polas túas ideas, aínda que foi o que pasou en Galicia durante bastante tempo. A forma de narralo gustoume porque engancha xa que conta, por exemplo, o pasado do protagonista nun capítulo si, noutro non e así sucesivamente. Isto fai que che entren ganas de saltarte algún capítulo para saber o que pasa. Non houbo parte que non me gustase en absoluto. A parte que menos me gustou o final porque o protagonista ... O personaxe que máis me gustou foi o protagonista porque non desiste na busca do libro do seu avó que lle quedou no cárcere. Para resumir, gustoume moito e recoméndollo a todo o mundo. (M. Teresa)

3. Este libro gustoume moitísimo, quizais un dos que máis me gustou. É verdade que ten un tema ao que recorren bastante os autores, pero non ten esa simplicidade dunha historia cunha cronoloxía lineal, senón que intercala algúns flash-backs e flash-forwards é isto dalle un toque de distinción á novela. Polo demais a novela está moi ben redactada e expresa os sentimentos dos personaxes perfectamente, é unha novela que engancha e ademais gustoume porque mestura moitos aspectos: familia, amigos, política. Unhas duras épocas que están moi ben relatadas e que fan que te mergulles na historia dunha maneira inexplicable. (Paula)

4. Esta novela pareceume moi interesante, sobre todo en canto ao contido histórico que nos transmite, tan emocionante e triste ao mesmo tempo. O estilo de narrar a historia lioume un pouco, pero fixo que a intriga e diversión se apoderaran do principal obxectivo da miña lectura. Había veces que as palabras do autor postas en boca do seu principal protagonista me chegaron moi ao fondo, causando quizais as mesmas sensacións que a Camilo ao experimentar todo o acontecido durante a súa vida, aínda que ás veces vivise momentos de absoluta tristura. Un personaxe que realmente me chamou a atención foi a tía Lola. Máis que o personaxe en si, o que me impresionou moito foi a súa trágica historia: esperar durante tanto tempo ao seu namorado, que ao final el...; a súa tolemia ao ... e o consecuente ... a impulsou a fuxir cara América e converterse nunha .. Unha vida chea de amor ao principio e desgrazas ao final. Pareceume verdadeiramente triste. O que máis me gustou da historia foron as cartas que Camilo lle escribía na etapa da súa vellez á súa muller falecida (unha das partes máis fermosas na miña opinión) así coma o final, no que o protagonista ... (Enma)

5. Este é un libro que, aínda que ao principio non conseguiu engancharme, ao final gustoume moito. Pareceume moi interesante ler sobre feitos populares da historia dunha forma tan entretida, e gustoume, tamén a maneira que ten o autor de mesturar fragmentos do pasado e do presente do protagonista, e as cartas que este lle escribe á súa muller despois de morta, xa na súa vellez. Un dos momentos máis "emotivos" do relato é cando Camilo ten que memorizar, para salvar a vida, o libro do seu avó, e o recita ante os militares do cárcere. O que máis me gustou foi o final, coa última carta inconclusa. En resumo, este é un

libro que recomendo ler e que reflicte moi ben o sentimento dos inmigrantes de non pertencer a ningures, porque no Uruguai, Camilo ten morriña de Galicia e, unha vez aquí, bota de menos Uruguai. **(Clara)**

6. Este libro gustoume moitísimo. Pareceume moi interesante a temática, xa que nunca lira un libro sobre a Guerra Civil, e creo que axuda para entender moitas cousas e coñecer mellor a nosa historia. Ao principio, non me agradaba moito porque me parecía unha historia un pouco triste , un vello que bota de menos a súa muller, ten un neto cego... pero rapidamente me enganhou ao alternar capítulos das distintas épocas da súa vida, xa que aínda que un capítulo fose aburrido, sempre esperabas a continuación doutro anterior que estaba interesante. O protagonista representa infinidade de valores; para min un dos máis importantes é a loita polo que para el é o camiño correcto, e a súa valentía para afrontar as situacións. O que máis me gustou foi o final, é un deses finais que cando pechas o libro te fai seguir pensando. Aínda así, pareceume moi triste que xusto cando o neto ..., o seu avó ... En conclusión, foi un dos mellores libros que lin este ano e recoméndollo a todo ó mundo. **(Teresa)**